

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do

04/02/1954

Colección:

Data: 04/02/1954

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 04/02/1954

Bos Aires, 4-02-1954

Sr. Don Valentín Paz-Andrade.

Amigo Valentín:

Sin saber quen foi o portador do seu encargo, por que como eu non estaba na casa deixoulle a encomenda a unha veciña amiga, recibin onte, as sabrosísimas e “tradicionales” tortas que vostedes tan xentilmente me fan chegar en cada ani-novo. Non sei como lles agradecer esta lembranza garimosa que teñen sempre para min, concretándose a darlle gracias, moitas gracias. Baixo a calor abafante, casi insoportable, de este día, escribo as presentes liñas, que ademais de gratitude levan meus sinceros desexos de felicidade pra vostedes. Ogallá que os seus tamén se cumplan con respecto a nos, deparándonos axiña as dozuras e descanso da Terra. No meu afán ou “tolería”, penso que tal vez ese miragre pode chegar a producirse...

Non sei si terá recibido unha carta que fai xa moito tempo lle escribin.

Despídome, con un abrazo para os tres, que lles envía con agarimo

Virxinia P. de Castelao

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.